

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 23 DE MAIO DE 2012**

---

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e tres de maio deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPESO GARCÍA, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 16 de maio de 2012.

### **ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para a modificación da licenza número 322/11 de parcelamento da parcela sita no ámbito do proxecto sectorial Parque Empresarial das Gándaras e para a instalación de ascensor no edificio sito na rúa do Prado, número 11.

**2. XESTIÓN.-** Acórdase a execución da sentenza 00352/2012, do 4 de abril, ditada pola sección segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no recurso de apelación 004617/11, interposto contra a sentenza recaída no Contencioso-Administrativo número 000465/2009, en relación co “Proxecto de liña soterrada de alta tensión (20 KV), para substitución de dobre circuíto aéreo (20 KV). Tramo que discorre pola área residencial Louzaneta. Lugo”.

Acórdase a imposición da segunda multa coercitiva na “Orde de execución de obras para adoptar no inmovible número 22 da rúa da Cruz”.

### **ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN**

**3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase adialo o asunto relativo a contratación dun servizo para o mantemento técnico e dos contidos do portal municipal, e aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por

## **ACTAS E GOBERNO**

JACA/cvr

Refª: 12extractoxg21.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-5-2012

procedemento aberto e apertura do procedemento de adxudicación, para un mellor estudo.

Tamén se acorda adialo o asunto relativo a contratación da subministración e implantación dun sistema de virtualización e copia de seguridade do Concello de Lugo e aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto e apertura do procedemento de adxudicación, para un mellor estudo.

**4. FACENDA LOCAL.-** Acordase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao denegarse a licenza solicitada para a legalización de renovación e ampliación de alpendre existente sito en Tolda de Meilán, 7, Santiago de Meilán.

**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:**

- Acórdase a ocupación efectiva da obra sen recepción formal na contratación das obras de construción dun edificio dotacional destinado a Policía Local e Protección Civil.

- Acórdase a aprobación do proxecto e do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado NA contratación das obras de acondicionamento de locais no 1º andar do C.S.C Uxío Novoneyra para Escola Municipal de Musica e a apertura do procedemento de adxudicación.

Lugo, 24 de maio de 2012  
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García